

CONCELLO  
DE VIGO



novembro  
decembro

t  
eatro

f  
amiliar

m  
úsica

2013

# vigocultura

Programación municipal  
de artes escénicas

Vivimos nunha cidade fermosa

**vígocultura**



Venres 1  
de novembro  
ás 21 h



## Sexpearemente

Compañía: Sexpeare

Xénero: teatro-comedia

Autor, dirección, adaptación e música: Sexpeare

Escenografía: Creature Producciones

Deseño de son: Rulo Pardo

Deseño iluminación: Marino Zabaleta

Vestuario: Tatiana de Sarabia

Coreografía: Ricardo Santana

Elenco artístico: Rulo Pardo e Santiago Molero



Idioma



Adultos



75 min.



7€

Prezo

Sexpeare, unha compañía teatral con máis de dezaoito anos de traxectoria, vese obrigada a actuar nun pequeno escenario de apenas un metro cadrado, tamaño que evidencia os actuais recortes económicos e artísticos aos que ten sido reducida a cultura. Os seus dous membros, os actores Santi e Rulo, transfórmanse nos personaxes "Santi e Rulo" e representan todo o seu periplo teatral até chegar a esta situación. E así lévannos desde os seus comezos cabareteiros, pasando pola súa etapa nos grandes teatros até chegar ao "catalálismo actual" nunha viaxe que mistura ficción e realidad, verdades e mentiras, e na que os personaxes, autores e actores, dialogan sobre teatro e pregúntanse: é a caveira de Lorca a que sostén o mozo Hamlet? Todo isto e moito máis..., con moito humor, evidentemente, ou mellor dicho: "Sexpearemente".

Os espectáculos de Sexpeare suman 15 tempadas no Teatro Alfil de Madrid. Teñen xirado por todo o país e colaborado con distintas redes e circuitos, participando en distintos festivais, feiras e certames de teatro.





Domingo 3  
de novembro  
ás 18 h

4

## El gallo de las veletas

Compañía: La Canica

Xénero: teatro-monícreques

Autor: Pablo Vergne (a partir dun  
conto de Javier Villafaña)

Dirección: Pablo Vergne

Escenografía, deseño de son e vestiario: La Canica

Deseño iluminación: Raul Briz

Coreografía: Marisol Rozo

Elenco artístico: Eva Soriano e Marisol Rozo



Idioma



+ 4 anos



45 min.



5€  
3€  
Adultos -12 anos



Era un gallo que vivía nun galiñeiro. Seus pais, seus avós, seus bisavós e seus tataravós, viviran sempre nese mesmo galiñeiro.

Esta historia sucedeu nun pobo onde toda a veciñanza se coñecía e todas as mañás, case á mesma hora, dábanse os bos días.

Cando o sol saía, o gallo cantaba. Entón o campaneiro facía soar a campá da igrexa. E todo o pobo poñíase en movemento.

Unha tarde de outono, un benteveo achegouse a conversar co gallo...: "Vives pechado. Cres que todo empeza e termina no teu galiñeiro, e hai tanto que ver detrás do teu valado! Hai ríos, bosques, montañas, mar..."

Premio ao mellor espectáculo FETEN 2013

Premio á mellor actriz Feten 2013 a Eva Soriano

Premio á mellor dramaturxia na Feira de Títeres de Lleida 2013





música

Venres 8  
de novembro  
ás 21 h



## Concerto Jane Joyd

Artista: Jane Joyd

Xénero: música de autor

5



Adultos



70 min.

7€  
Prezo

O seu último traballo pouco ten que ver co folk de inspiración estadounidense dos seus inicios. Trátase dun disco que só se achega á música tradicional nas interpretacións vocais con espírito blues.

Delicadeza instrumental que compón atmosferas e historias nas que cada fotograma é un mundo por descubrir e unha curiosa mistura de gozo e desacougamento. Jane Joyd aposta pola instrumentación clásica a base de seccións de percusión e ventos, pero tamén achega matices electrónicos cun resultado inmediato: cada canción impacta primeiro no esternó para diluirse despois polos recunchos más íntimos de cadaquén.

Jane Joyd preséntanos unha proposta profunda, cunha coñizada posta en escena. Un delicado e potente deseño de iluminación ofrece unha estética íntima e elegante. Un concerto intenso, cheo de enerxía e sensibilidade, un espectáculo que non nos deixará indiferentes.





familiar

Domingo 10  
de novembro  
ás 18 h

## Clinc!

Compañía: Cía Pep Bou

Xénero: teatro xestual

Autor: Pep Bou

Deseño de son e iluminación: Pep Bou e Jep Verges

Vestiario: Rui Alves

Música: Cía. Pep Bou

Coreografía: Marta Carrasco

Elenco artístico: Isaías Antolín e Eduardo Telletxea (Agustí Sanllehi)



6



Idioma



+ 5 años



60 min.

5€ 3€  
Adultos >12 años  
Prezo

Clinc! É a nova montaxe creada e dirixida por Pep Bou. Froito dos anos de experimentación coa linguaxe das burbullas de xabón e outras estruturas tensioactivas, nace esta montaxe protagonizada por dous dos talentos emerxentes da Cía Pep Bou, Isaías Antolín e Eduardo Telletxea.

A montaxe é un paso máis na linguaxe propia da factoría Bou, incorporando novas personaxes e dotándoas dunha acentuada tonalidade cómica, que conforma un tipo de espectáculo innovador onde as escenas de teatro visual non son ás únicas protagonistas da obra.

Clinc! Simboliza o cambio de actitude que teñen as persoas cando deixan de ver a vida de forma pesimista e deciden contemplar a beleza do seu contorno e comezar a cooperar en lugar de vivir de forma illada. As personaxes protagonistas da función cambian de actitude e gozan do descoñecido. Este cambio de actitude asimíllase mediante a manipulación dos elementos cotiás: o uso da auga, o xabón, os tubos, círculos, máquinas de vapor de fume, etc.

Finalistas ao mellor espectáculo infantil nos premios MAX 2013.



Venres 15  
de novembro  
ás 21h

teatro



## Adiós Bienvenida

Compañía: Mimáia

Xénero: teatro-monicreque

Autor, dirección e posta en escena: Dora Cantero

Construcción de marionetas e escenografía: Ángel Navarro  
e Mina Trapp

Diseño de iluminación: Ivo García Suñe e Patrik Cunha

Dirección artística: Anna Carner

Música: Mina Trapp e Dora Cantero

Elenco artístico: Dora Cantero e Mina Trapp



Idioma



Todos os públicos



55 min.



7€

Prezo

Todos os domingos a mesa de Bienvenida éñchese de mariñeiro e pescadores que van gozar das mellores sardiñas do porto.  
Unha gran mesa sen mantel, con cheiro a peixe, unha mesa na que se permite escribir, coma un gran libro aberto...  
Da mar á mesa, da mesa á mar... a vida pasa nun ciclo contínuo, como o peixe que se morde a cola.  
Adiós Bienvenida fálanos dos ciclos da vida, da necesidade de que as cousas rematen para que algo novo poida comenzar.

Premio espectáculo revelación FETEN 2013.



familiar

Domingo 17  
de novembro  
ás 18 h

8

## Nora

Compañía: Factoría Norte

Xénero: teatro-monicreques

Autor: Fátima Fernández

Dirección: Marcelino de Santiago (Kukas) e Carmen Gallo

Ecenografía: Marcelino de Santiago (Kukas)

Deseño iluminación: Eduardo Espina e Gonzalo Mateos

Vestuario: Azucena Rico

Música: David Varela

Elenco artístico: Olga Cuervo e David Varela



Idioma



+ 3 años



50 min.

5€ - 3€

Adultos -12 años

Prezo



Nora é a historia dunha nena moi especial, unha nena feita de sal... que vive ao carón do mar. Pódese pescar algo máis que peixe? Para que? Tal vez, para soñar?...

Nora, a nena da sal, é na súa orixe un conto de Fátima Fernández ao que Carmen Gallo e Factoría Norte quixeron dar vida e teatralizar utilizando moi diversas linguaxes escénicas. Unha obra multidisciplinar na que a palabra, a ilustración animada, os obxectos e a música composta expresamente para esta "Nora", nos representa o mundo onírico no que podemos atopar a nosa protagonista.



teatro

Venres 22  
de novembro  
ás 21 h



## Decamerón, historias para tempos críticos

Compañía: Abrapalabra Creaciones Escénicas

Xénero: teatro-comedia

Autor: Boccaccio

Dirección e adaptación: Cándido Pazó

Escenografía e vestuario: Carlos Alonso

Deseño de son e música: Manuel Riveiro

Deseño iluminación: Afonso Castro

Elenco artístico: Cándido Pazó

9



Idioma



Adultos



75 min.



7€  
Prezo

Nos tempos críticos e ruíns o alivio do humor é máis necesario ca nunca. Así era no século XIV, tempo de pestes e andazos, cando Boccaccio escribiu os tan célebres como divertidos contos do Decamerón. Así e hoxe, con esta adaptación para o teatro e a palabra. Unha actualización escénica para un tempo no que outras pestes e andazos nos ameazan. Un espectáculo e unha soa voz, como facían os xograres e bululús de entón e como fan os cómicos populares de agora. Unha voz actoral acompañada: música orixinal, deseño lumínico e sonoro, videocreación, escenografía...  
75 minutos de ácida diversión, de comunicación directa e explosiva co público, de diálogo metafórico e satírico coa actualidade.



MINISTERIO DE CULTURA  
y DESARROLLO SOSTENIBLE





Domingo 24  
de novembro  
ás 18 h

10

## Aurora

Compañía: Elefante Elegante

Xénero: teatro-musical

Autor, dirección e adaptación: María Torres  
e Gonçalo Guerreiro

Escenografía: Dani Pais, María Torres  
e Gonçalo Guerreiro

Deseño de son e iluminación: Dani Pais

Vestuario: Marcia Edleditsch

Música: Mano Panforreteiro

Coreografía: Fredi Muíño

Elenco artístico: María Torres e Gonçalo Guerreiro



Idioma



+ 3 anos



50 min. 5€  
Adultos -12 anos



Aurora é un espectáculo musical para todos os públicos, a partir dos 3 anos. Esta creación mistura teatro de actor e videocreación co desexo de afondar na experimentación do Elefante Elegante ao redor das linguaxes visuais. A música conecta a acción no escenario coa acción proxectada en vídeo creando un universo máxico, cómico e misterioso.

Aurora é a historia do encontro dun aviador coa raíña das coruñas, que coma a todas as coruñas lle gusta más a noite que o día. Cando escurece, síntese mellor ca nunca. Voa dun lado para o outro, axita as ás e asubía como o vento. Pero ao mencer, éñchese de tristura. O sol queima a súa pel e cega os seus ollos. O aviador vai tentar todo para axudar á Coruxa, pero será posible vivir nun mundo sen sol?


Elefante Elegante vén de ser galardoado co Premio María Casares ao mellor espectáculo por Nuncabunga.





teatro

Venres 29  
de novembro  
ás 21 h



## Top Manta

Compañía: Fulano, Mengano e Citano

Xénero: teatro-comedia

Autor: Manuel Pombal, Suso Pando e Manuel Botana

Dirección e deseño iluminación: Manuel Pombal

Adaptación: Fulano, Mengano e Citano

Escenografía: Manuel Botana

Deseño de son: Suso Pando

Vestuario: Ana Vázquez Gil

Elenco artístico: Manuel Pombal, Suso Pando e Marcos Alonso

11



Idioma



Adultos



85 min.



7€

"Top Manta". O "Hit Parade" dos máis "vendidos".

"Top Manta". A lista dos moi listos.

Temas con moita "brasa", outros más delicados e tamén os más heavy do momento.

E todos con moita re...percusión!!

To-top, top, Top, Top Manta!!

Un espectáculo cheo de humor para espectadores intelixentes.



Domingo 1  
de decembro  
ás 18 h

## La Vuelta al Mundo

Compañía: Teatro Gorakada

Xénero: teatro contemporáneo

Autor: Julio Salvatierra

Dirección: José Carlos García

Escenografía: José Ibarrola e Javi Tirado

Diseño iluminación: Javi Ulla

Vestuario: Mayda Zabala

Música: Mikel Gaztañaga

Elenco artístico: José Cruz Gurrutxaga,  
Aritz Rodríguez e Miren Larrea



12



Idioma



+ 6 años



60 min.



5€  
Adultos -12 años  
3€  
Prezo

Gorakada lévanos a realizar esta marabillosa viaxe, ao igual que Phileas Fogg, que propón aos membros do Reform Clube londinense a apostar ilóxica de dar a volta ao mundo en 80 días axudado polo seu criado. Desafiando a Fogg e facéndoa en 60 minutos, contarán con música en directo, actores, marionetas e unha escenografía a base de maletas para poder viaxar en ferrocarril, en barco ou elefante. Unha volta ao mundo en 80 días, a de Julio Verne, creada con humor, imaxinación e cancións en directo, trasladando á escena o fascinante recorrido ao redor do mundo.



Venres 6 de  
decembro  
ás 21 h

música



## Concerto Riobó

Artista: Begoña Riobó

Xénero: folk

13



Idioma



Adultos



70 min.



7€

Begoña Riobó é, actualmente, a violinista con maior proxección no panorama musical galego. Cunha destacada traxectoria artística, na que formou parte das bandas de Carlos Núñez, Susana Seivane, Anxo Lorenzo ou Sondeseu, preséntase como a primeira violinista folk galega en liderar o seu propio proxecto.

Begoña Riobó é unha artista integral, que ademais do violín, domina á perfección instrumentos como a zanfoña e a arpa céltica, da que é profesora na Escola de Música Tradicional "e-Tad", en Vigo. Begoña é ben coñecida nos principais festivais internacionais, nos que tocou en numerosas ocasións con Carlos Núñez, Solas, The Chieftains, Sondeseu, Anxo Lorenzo, Susana Seivane e unha larga lista de grandes artistas.

"Riobó" é o nome do grupo de Begoña, e tamén o título do seu primeiro traballo discográfico, que se caracteriza polo virtuosismo dos seus músicos á hora de arranxar e interpretar melodías da tradición galega, sendo fieis ás súas formas e orixe. Deste xeito, cada concerto, convírtense nunha mostra de sensacións, onde conviven raíces culturais más puras con fórmulas interpretativas actuais.

Acompañando a Begoña, en "Riobó" atópanse catro recoñecidos músicos, cunha sólida traxectoria, habituais dos principais proxectos musicais de Galicia. Son Fernando Barroso (guitarra), Marcos Campos (gaita, acordeón e frautas), Xosé Liz (bouzouki) e Fernando Pérez (frautas e requinta).



familiar

Domingo 8  
de decembro  
ás 18 h

14

## O príncipe e o parrulo

Compañía: Eme2 emoción&arte

Xénero: teatro-monicreques

Autor: Javi Tirado e Jokin Oregi

Dirección: Alex Díaz

Escenografía: Javi Tirado

Deseño de son: Fran Lasuen

Deseño iluminación: Javi Ulla

Vestiario: Eme2

Música: Fran Lausen

Elenco artístico: Rocío González e Lucía Regueiro



Idioma



+ 3 anos



55 min.



5€  
Adultos -12 años  
3€  
Prezo



Esta é unha pequena historia, tan pequena que só precisa un castelo, unha árbore e unha casa para ser contada. Pero esta pequena historia fala de cousas moi grandes. Nela, dous pequenos personaxes descubren que non hai nada tan divertido como ter alguén con quen compartir, con quen xogar. Decátanse que non hai nada tan grande coma un amigo.





Venres 13  
de decembro  
ás 21 h



## Gaivotas subterráneas

Compañía: RTA

Xénero: teatro-drama

Autor: Alfonso Vallejo

Dirección e adaptación: Artur Trillo

Escenografía: Suso Montero

Deseño de son e música: Fernando Fraga

Deseño iluminación: Miguel Soto

Vestuario: Martina Cambeiro

Elenco artístico: Luis Iglesia e Xabier Deive



7€  
Prezo

Nino Carpio traballa nunha empresa de seguros; busca a Mario -músico e amigo da infancia- ao que convence para que lle axude a conseguir unha importante suma de diñeiro do seu seguro de vida. Nino atopou a un home coas súas características físicas, ao que, unha vez morto, desenterran e visten con roupas e obxectos do propio Nino.

Provocan un accidente no seu coche, co morto dentro, para facer crer que o morto é Nino Carpio. A súa esposa Lena poderá así cobrar os cartos do seguro, dos que Nino gozará con outra identidade.



Domingo 15  
de decembro  
ás 18 h

16

## O Soldadiño de Chumbo

Compañía: Boabad Teatro

Xénero: teatro-monícreques

Autor: H.C.Andersen

Dirección e adaptación: Andrea Bayer Lloves  
e Óscar Ferreira

Escenografía: Óscar Ferreira, María Paz e Begoña Paz

Diseño de son e iluminación: Daniel Abalo Raído

Vestuario: Baobab Teatro

Música: Eli Paz

Elenco artístico: Xosé Manuel Esperante, Andrea Bayer  
Lloves, Óscar Ferreira Ramos, Xurxo Cortázar Couceiro  
e Daniel Abalo Raído



Idioma




+ 4 anos



60 min.



5€  
3€  
Adultos ->12 anos  
Prezo



O Soldadiño de Chumbo é unha historia de aventuras onde se enfrentan o poder, a inocencia e o amor. Este conto relata a verdadeira historia do mal, e é o amor, un amor verdadeiro e firme, e non exento de humor, quen sae vencedor cun fermoso e explosivo final.

O Soldadiño de Chumbo é un delicioso conto que cautivará a imaxinación de nenos e adultos.

Andrea Bayer foi finalista ao mellor texto orixinal en galego nos Premios Max 2013 por Fios.





Venres 20  
de decembro  
ás 21 h

teatro



## El fantástico viaje de Jonás el Espermatozoide

Compañía: *El Espejo Negro*

Xénero: teatro-monólogos

Autor, dirección e adaptación: Ángel Calvente

Escenografía: Xevi Planas e Ángel Calvente

Diseño de son: Ángel Calvente e Línea Azul

Diseño iluminación: Antonio Regalado  
e Ángel Calvente

Vestuario: Carmen Ledesma

Elenco artístico: Rafa Castillo, Paki Díaz e David  
García-Intriago



Idioma



Todos os públicos



60 min.



7€

Esta é a historia de Jonás, un diminuto espermatozoide que se negaba a concursar na carreira da fecundación. Prefería durmir e vaguear placidamente no interior do testículo onde vivía.

Pero o tempo se acaba, e o noso vago e durmiñón espermatozoide tiña que emprender a viaxe más fantástica e alucinante de toda a súa vida.

Unha viaxe sen retorno, chea de perigos e aventuras, na procura do óvulo perdido...

Premio FETEN 2011 á mellor dirección.



familiar

Domingo 22  
de decembro  
ás 18 h

18

## Ilusionante

Compañía: Illusionista Pedro Volta

Xénero: maxia

Autor e dirección: Pedro Volta

Ecenografía, deseño de son e música: Magic Entertainment

Deseño iluminación: Alberto Casas López

Vestiario: Florenttino

Elenco artístico: Pedro Volta



Idioma



Todos os públicos




75 min.

5€

3€

Adultos -12 años

Prezo



Pedro Volta fará realidade os soños que tiña de neno. A través dunha caixa na que garda xoguetes e obxectos da súa infancia vai levando ao espectador a un mundo de fantasía facendo increíbles e sorprendentes números de maxia ao tempo que conta historias fantásticas. Un Peter Pan moderno disposto a quedarse para sempre no marabilloso país de Nunca Xamáis.

Toda a familia poderá ver como Pedro Volta fai术 desparecer un coche Hummer teledirixido dun metro de longo, como se transforma nun cazafantasmas, debuxos que cobran vida, unha lúa que voa sobre o escenario ou un camión de bombeiros máxico que fai que o teatro se encha de neve de verdade creando un momento realmente belo e espetacular. Os adultos volverán viaxar á infancia e os nenos gozarán dun mundo fantástico creado por Pedro Volta, un novo estilo de maxia moi teatralizada.

## **Normas de organización e acceso ao recinto:**

- 1.** O despacho de billetes do auditorio pechará con estrita puntualidade cinco minutos antes da hora prevista de comezo do espectáculo, momento no que ademais se pecharán as portas de acceso ao recinto. Unha vez começado o espectáculo ningúen poderá acceder á sala.
- 2.** As entradas non vendidas anticipadamente, de as houber, estarán dispoñibles no despacho de billetes desde unha hora antes do comezo previsto para o espectáculo.
- 3.** As portas de acceso abriranse 15 minutos antes da hora prevista do comezo do espectáculo.
- 4.** A organización fai constar nos programas editados para a difusión de cada programación as idades recomendadas para determinados espectáculos, que pregamos respecten na medida do posible de cara a garantir un bo desenvolvemento dos mesmos.

## **Venda de entradas:**

As entradas poderán adquirirse anticipadamente a través da páxina web de Servinova, no teléfono 902504500 ou o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio.

Abonos (só a través do canal telefónico e no despacho de billetes):

- **Abono á carta 5:** Elixe 5 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 15 % de desconto sobre o prezo total.
- **Abono á carta 10:** Elixe 10 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 25 % de desconto sobre o prezo total.



# vigocultura



Auditorio Municipal do Concello  
Praza do Rei s/n

## Información:



Teléfonos desde Vigo: 010  
Desde móvil ou fóra de Vigo: 986 810 260

**Horario:** de 8 a 20 horas de luns a venres  
de 10 a 14 horas os sábados

[www.vigocultura.org](http://www.vigocultura.org)

**CONCELLO  
DE VIGO**

